

# ORDENANZA REGULADORA DA TENZA E PROTECCIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA

(Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº 33, 10 de febreiro de 2004)

## TÍTULO PRIMEIRO

### DISPOSICIÓN XERAIS

- **Artigo 1: Obxecto e ámbito de aplicación.**

1. A normativa contida na presente ordenanza ten por obxecto regular todos os aspectos relativos á tenza de cans e outros animais de compañía no termo municipal do Barco de Valdeorras, que afecten a tranquilidade, a seguridade e a salubridade cidadá. Esta ordenanza regula as interrelacións entre as persoas e os animais de compañía, téñense en conta tanto as molestias e perigos que poidan ocasionar os animais como o valor da súa compañía para un elevado número de persoas.
2. A competencia do Concello nas materias que son obxecto de regulación por esta ordenanza exercerase a través dos órganos e servizos da administración municipal existentes na actualidade, ou que, no seu caso, poidan crearse para o efecto.

- **Artigo 2. Definicións.**

1. Animais domésticos de compañía. Enténdense por tales os animais domésticos das especies canina e felina, así como outras especies que se crían xeralmente no propio fogar, co obxecto de obter a súa compañía, sen que constitúan obxecto de actividade lucrativa ningunha.
2. Animal silvestre de compañía. É aquel pertencente á fauna autóctona ou foránea, que precisou dun período de adaptación ao contorno humano e que mantén o home, principalmente no seu fogar, por pracer e compañía, sen que sexa obxecto de actividade lucrativa ningunha.
3. Animal abandonado. O que provisto de identificación circule libremente sen que ningunha persoa se responsabilice del e sen que se denunciase a súa perda ou subtracción por parte do propietario. Así mesmo, serano aqueles que foren capturados polos servizos municipais e non fosen reclamados polos seus propietarios no prazo dunha semana.
4. Animal vagabundo. Aquel que careza de identificación, non teña dono coñecido ou circule libremente pola vía pública sen ir acompañado dunha persoa responsábel.
5. Animais potencialmente perigosos. Considéranse animais potencialmente perigosos aqueles así definidos polo artigo 2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o Réxime Xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos e o Decreto 90/2002 do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia. En calquera caso, considerarase animal potencialmente perigoso aquel animal doméstico ou silvestre de compañía que, con independencia da súa agresividade e polas súas características morfolóxicas e raciais (tamaño, potencia de mandíbula, etc.) ten capacidade para causar lesións graves ou mortais ás persoas. Tamén han ter esta consideración os

animais que tiveran episodios de ataques e/ou agresións ás persoas ou animais, os cans adestrados para o ataque ou a defensa, así como os que regulamentariamente se determine.

O réxime xurídico da súa tenza será o recollido na Ordenanza Municipal Reguladora da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos.

## TÍTULO II

### TENZA DE ANIMAIS

#### CAPÍTULO I

#### DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS E SILVESTRES DE COMPAÑÍA

- **Artigo 3:**

1. Con carácter xeral, autorízase a tenza de animais de compañía nos domicilios particulares, sempre que os seus aloxamentos contén cun ambiente cómodo e hixiénico, que non se produza ningunha situación de perigo ou incomodidade para os veciños ou para o propio animal e en ausencia de riscos no aspecto sanitario.
2. En calquera caso, no suposto de cans e gatos o seu número total non poderá exceder de catro animais sen a correspondente autorización do Concello.
3. Tocante ao resto de animais de compañía o seu número máximo basearase nos informes técnicos que se emitan atendendo as características da vivenda e a biomasa dos animais aloxados.

- **Artigo 4:**

1. O posuidor do animal terá a obriga de mantelo en boas condicións hixiénicas e sanitarias. Estará obrigado tamén a fornecerlle alimentación, auga e cuidados consonte coas necesidades do animal.
2. O propietario será responsábel de realizar a vacinación axeitada ao animal; así mesmo é obrigatorio realizar a desparasitaxe interna e externa dos animais na loita contra as pulgas, carrachas, etc.
3. O propietario ou *tenedor* dun animal adoptará as medidas necesarias para evitar que a súa posesión, tenza ou circulación poida infundir temor, supor un perigo ou ameaza, ou ocasionarlles molestias ás persoas.

- **Artigo 5:**

1. Os animais que lles causaran lesións ás persoas ou a outros animais, así como todos aqueles que sexan sospeitosos de sufriren rabia ou de padeceren outras doenzas transmisíbeis ao home, haberán de ser sometidos inmediatamente ao recoñecemento sanitario oportuno. O cumprimento deste precepto recaerá tanto sobre o propietario ou posuidor do animal como sobre a persoa que en ausencia dos anteriores asuma a súa responsabilidade temporal.
2. O propietario do animal mordedor está obrigado a facilitarlle os seus datos á persoa agredida e ás autoridades competentes, e deberá poñelo en observación veterinaria dentro das 24 horas seguintes á mordedura.

3. O Concello poderá ordenar o illamento dos animais de compañía no caso de lles diagnosticaren doenzas transmisíbeis de significativa transcendencia sanitaria, ben para supervisar o seu tratamento ou ben para o seu sacrificio se for necesario e segundo o informe do veterinario competente.
- **Artigo 6: Documentación**
    1. O propietario ou *tenedor* dun animal ha poñer ao dispor da autoridade competente, no momento en que lle for requirida, aquela documentación que resulte obrigatoria en cada caso.
    2. De non presentala no momento do requirimento disporá do prazo de 10 días naturais para achegala perante a Alcaldía. Transcorrido o devandito prazo considerarase que o animal carece de documentación para todos os efectos.
    3. No caso de roubo ou extravío da documentación obrigatoria dun animal, o propietario ou *tenedor* haberá de proceder á solicitude do correspondente duplicado no prazo de 3 días dende a súa desaparición.
  - **Artigo 7: Responsabilidades**
    1. O propietario ou *tenedor* dun animal será responsábel dos danos, prexuízos e molestias que lles ocasione ás persoas, bens e ao medio en xeral.
    2. Serán responsábeis pola comisión de feitos constitutivos de infracción á presente ordenanza os titulares, propietarios ou *tenedores* de animais de compañía, así como aquelas persoas que, a calquera título, se ocupen habitualmente do seu coidado, alimentación e/ou custodia, se os ditos animais non estiveren identificados.

## CAPÍTULO II

### DOS ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

- **Artigo 8: Licenza administrativa**

A tenza dun animal cualificado como potencialmente perigoso requirirá a obtención previa da licenza administrativa, consonte coas normas recollidas na Ordenanza Municipal Reguladora da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos.
- **Artigo 9:**
  1. Os propietarios ou *tenedores* de animais aos que se refire o presente capítulo terán a obriga de identificar os animais cun *microchip* dentro dos seus tres primeiros meses de vida, ou nun mes logo da súa adquisición, consonte co previsto nos artigos 9 e 10 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro.
  2. A identificación dos animais da especie canina, coa debida garantía, é obrigatoria sen excepcións.
  3. Os posuidores de animais potencialmente perigosos estarán obrigados a achegar a documentación acreditativa da obtención da licenza e mais a información prevista no parágrafo 6º do artigo 5 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, ao veterinario actuante para a

súa inscrición no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos.

-

- **Artigo 10: Medidas especiais**

1. Os animais potencialmente perigosos mentres sexan mantidos en espazos privados (terreo, casa de campo, chalet, parcela, patio ou calquera outro lugar delimitado) e sen prexuízo do disposto no artigo 3 da presente ordenanza, disporán dun recinto con cerramento perimetral completo e cunha altura e materiais que eviten tanto a súa libre circulación como a saída a espazos públicos ou privados de uso común sen o debido control e suxeición, garantindo a seguranza das persoas.  
Os animais non poderán permanecer continuamente atados, agás que o medio empregado permita a súa mobilidade, e deberá existir, en calquera caso, un letreiro que advirta de xeito visíbel da súa existencia.
2. A saída destes animais a espazos públicos ou privados de uso común realizarase en todo momento baixo o control dunha persoa responsábel, maior de idade. No caso dos cans será obrigatoria a utilización dun bozo axeitado ao seu tamaño e raza, así como unha cadea ou correa resistente de menos de dous metros de lonxitude, sen que poidan circular ceibes en ningún suposto e baixo ningunha circunstancia.
3. A autoridade municipal intervirá de xeito cauteloso e trasladará ao centro ao que fai referencia o artigo 16.2º da Ordenanza Municipal Reguladora da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos, calquera animal considerado potencialmente perigoso cando o seu propietario non cumpra coas medidas contidas na presente ordenanza, sen prexuízo das sancións económicas que puideran cumprir. Esta intervención poderá ser definitiva no caso de reincidencia, ou cando a criterio da autoridade municipal, e logo do recoñecemento por técnicos cualificados, se chegue a determinar que o seu grao de agresividade ou inadaptación á vida en sociedade fan imposíbel a devolución do animal ao non existir garantía plena de que a súa tenza non sexa lesiva para as persoas ou os bens, pasando a súa propiedade á administración.

- **Artigo 11: Transporte de animais perigosos**

O transporte de animais potencialmente perigosos haberase efectuar de conformidade coa normativa específica sobre o benestar animal, e deberanse adoptar as medidas precautorias que as circunstancias aconsellaren para garantir a seguranza das persoas, dos bens e outros animais, durante os tempos de transporte e espera de carga e descarga.

- **Artigo 12:**

O propietario ou *tenedor* dun animal que agrida persoas ou outros animais, causándolles feridas de mordedura será responsábel de ser sometido o devandito animal ao recoñecemento dun veterinario en exercicio libre da profesión, en dúas ocasións dentro dos 15 días seguintes á agresión. Neste recoñecemento o veterinario responsábel emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de doenza infectocontaxiosa.

- **Artigo 13:**

As instalacións destinadas a acoller animais potencialmente perigosos pertencentes á fauna silvestre alóctona ou exótica deberán cumprir as medidas de seguranza que eviten a fuxida destes animais e que se recollen no artigo 12.2º do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, coas excepcións previstas no artigo 13 do propio Decreto.

### CAPÍTULO III

#### NORMAS ESPECÍFICAS PARA OS CANS

- **Artigo 14:**

O posuidor do animal está obrigado ao cumprimento das normas establecidas nesta ordenanza e demais lexislación aplicábel, e serán responsábeis subsidiarios os titulares das vivendas, establecementos ou locais onde estes radiquen.

O posuidor dun animal, sen prexuízo da responsabilidade subsidiaria do propietario, será responsábel dos danos, prexuízos e molestias que lles ocasione ás persoas, ás cousas, aos espazos públicos e ao medio natural en xeral.

- **Artigo 15: Censo municipal de animais de compañía**

1. Créase o censo municipal de animais de compañía da especie canina, no que obrigatoriamente deberán estar inscritos todos os animais da devandita especie que, sendo o seu propietario, posuidor ou persoa que asuma a responsabilidade do can veciño deste Concello, vivan nel.
2. Exclúense da obrigatoriedade de se inscribir neste censo os animais potencialmente perigosos que de conformidade co Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, e a Ordenanza Municipal sobre a tenza de animais potencialmente perigosos deberán ser obxecto de inscrición no rexistro previsto nela.
3. Co censo municipal confeccionarase e actualizarase, cando menos unha vez ao ano, o censo provincial ao que fai referencia e artigo 7 da Lei 1/1993.

- **Artigo 16:**

1. O censo municipal de animais de compañía da especie canina será xestionado directamente polo Concello.
2. O censo haberá de conter os seguintes datos:
  - a) Identificación do animal:
    - o número do microchip
    - a raza e o sexo do animal
    - o ano do nacemento
    - o domicilio habitual do animal
    - a especificación de se está destinado a convivir con seres humanos ou se, pola contra, ten unha finalidade distinta, como a garda, a protección ou outra que se indique.
  - b) Identificación do propietario, do posuidor ou da persoa que asuma a responsabilidade:
    - o nome do propietario e o DNI
    - o domicilio do propietario

- o nome ou a razón social e o domicilio do vendedor ou cededor.
- 3. Calquera cambio nos datos contidos no censo haberá de comunicárselle ao Concello no prazo máximo de 15 días, agás a perda ou subtracción que haberá de comunicarse no prazo de 10 días.
- 4. A carta sanitaria expediraa o veterinario colaborador que censara ou identificara o animal. Nela anotaranse as sucesivas vacinacións e tratamentos obrigatorios que reciba.

- **Artigo 17:**

1. Os propietarios ou posuidores dos cans están obrigados a censalos no Concello no que residan os animais de xeito habitual, no prazo de tres meses dende a data do seu nacemento, ou dun mes dende a súa adquisición. Xunta a inscrición identificaranse por medio do correspondente microchip. A inscrición tamén se poderá facer a través do veterinario colaborador.
2. Os animais de compañía haberán posuír un carné ou libreta de sanidade expedida polo veterinario que vacinara o animal. En calquera momento a autoridade municipal poderá requirir do portador do animal a identificación censual; no caso de non levala nese momento deberá presentala no prazo máximo de 48 horas.  
Se no intre de adquirir o animal este xa estiver censado polo seu anterior propietario, o novo propietario deberá comunicarlle ao Concello, no prazo dun mes dende a súa adquisición, o cambio de titular.
3. En caso de falecemento por doenza, accidente ou polo seu sacrificio, o propietario ou posuidor está obrigado a notificarlle ao Concello a morte no prazo máis breve posíbel, sen que supere os 15 días, co obxecto de causar baixa no centro.

- **Artigo 18: Dos animais abandonados e vagabundos**

1. Prohíbese terminantemente deixar toda clase de animais ceibos en espazos públicos, ou privados de uso común.
2. O Concello recollerá os animais abandonados e vagabundos ata que foren reclamados, acollidos ou sacrificados. De non estar o animal identificado, reterase na canceira municipal durante un prazo de 7 días para recuperalo, e logo do seu transcurso daráselle o destino máis acaído, no último termo o sacrificio.
3. Se o animal estiver identificado avisarase o seu propietario, que disporá dun prazo de 7 días para recuperalo, despois de aboar todos os gastos orixinados pola súa mantenza, así como a sanción pertinente.  
Unha vez transcorrido este prazo, de non satisfacer o propietario o pagamento dos gastos, o Concello procederá segundo o disposto no punto anterior.
4. O Concello comprométese a proporcionarlle ao animal un coidado axeitado durante os días que permaneza baixo a súa tutelaxe.

- **Artigo 19: Desaloxamento e retirada**

1. Cando en virtude dunha disposición legal, por razóns sanitarias graves, con fins de protección animal ou por antecedentes de agresividade, non deba autorizarse a presenza ou permanencia de animais en determinados lugares, a autoridade municipal, logo da incoacción do oportuno expediente, poderá requirir os propietarios destes animais para os desaloxaren voluntariamente.

No seu defecto, acordarase a execución subsidiaria do ordenado, sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que cumprir, esixíndolle ao propietario o importe dos gastos ocasionados.

2. O destino dos animais retirados será decidido, consonte cos criterios dos servizos veterinarios oficiais, pola autoridade municipal que acordou a súa retirada.

- **Artigo 20: Normas de convivencia**

1. Nas zonas e vías públicas os cans irán conducidos provistos dun collar e suxeitos por unha correa ou cadea. Levarán bozo os cans que tiveren unha perigosidade razoabelmente previsíbel pola súa natureza e características, ou polos seus antecedentes.
2. A autoridade municipal fixará os horarios e os espazos de lecer para os animais onde poidan circular libremente e ceibos, acompañados polo seu propietario ou posuidor.

- **Artigo 21:**

1. Os propietarios ou *tenedores* de animais non acirrarán neles para atacárense entre si, nin a botarse cara ás persoas ou os bens, co que fica prohibido facer calquera ostentación da súa agresividade.
2. Prohíbese o baño dos animais nas fontes ornamentais, tanques ou similares, así como que estes beban directamente das augas potábeis para o consumo público.
3. Por razóns de saúde pública e protección do medio ambiente urbano, prohíbese o subministro de alimentos a animais vagabundos ou abandonados, así como a calquera outro cando disto puideren derivar molestias, danos ou focos de insalubridade. Os propietarios de inmobles e terreos edificábeis adoptarán as medidas oportunas para o efecto de impedir a proliferación neles de especies asilvestradas ou susceptíbeis de se transformaren en tales, sempre que estas medidas non supoñan sufrimento ou malos tratos para os animais implicados.
4. Tanto a subida ou a baixada de animais en aparellos elevadores, como a súa permanencia en espazos comúns das parcelas, farase sempre de xeito que non coincidan con outras persoas, se estas así o esixiren, agás no caso de cans-guía.
5. O transporte de animais en calquera vehículo efectuarase de forma que non poida ser perturbada a acción do conductor, nin se comprometa a seguranza do tránsito ou lles supoña unhas condicións inaxeitadas dende o punto de vista etolóxico ou fisiolóxico. En calquera caso, fica prohibida a permanencia continuada de animais no interior dos vehículos.
6. En terreos edificábeis, xardíns e outros recintos pechados nos que houber cans soltos, deberase advertir en lugar visíbel esta circunstancia.

- **Artigo 22:**

1. Prohíbese dende as 24 horas ata as 8 horas deixar nos patios, terrazas, galerías e balcóns animais que cos seus ruídos, berros ou cantos perturben o descanso ou a tranquilidade dos veciños.
2. No suposto de vivendas unifamiliares, os animais poderán permanecer nos seus xardíns sempre e cando se cumpran as condicións sinaladas no artigo 4 da presente ordenanza.
3. O resto do día tamén haberá que retiralos destes lugares sempre que lles ocasionaren molestias aos ocupantes do inmovible ou dos inmobles veciños.

- **Artigo 23: Deposicións en espazos públicos e privados de uso común**

1. As persoas que guiaren cans e outros animais deberán impedir que estes depositen as súas defecacións nas beirarrúas, paseos, xardíns e, en xeral, calquera lugar destinado ao tránsito de peóns.
2. Sempre que as dexeccións ficaren depositadas en calquera espazo, tanto público como privado de uso común, a persoa que conducir o animal está obrigada á súa limpeza inmediata. No caso de se produciren na vía pública recolleranse e depositaranse nas papeleiras existentes no devandito espazo.
3. O Concello velará polo estrito cumprimento deste artigo cos medios dos que dispuxer, sancionando os infractores.
4. Do incumprimento do sinalado anteriormente serán responsábeis as persoas que guiaren o animal e subsidiariamente os seus propietarios.

- **Artigo 24: Prohibicións**

1. Fica absolutamente prohibida a entrada e a permanencia de animais en toda clase de locais dedicados á fabricación, venda, almacenaxe ou manipulación de alimentos. En restaurantes, bares, cafetarías e semellantes a entrada e a permanencia de animais estará condicionada polo propietario do establecemento, sempre que isto non supoña ningún tipo de incomodidade ou molestia para os concorrentes.
2. Prohíbese a circulación e a permanencia dos cans e outros animais nas piscinas públicas durante a temporada de baño.
3. Prohíbese a circulación ou a permanencia dos cans e outros animais nas praias fluviais no período estival, para o que se define este como o comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro.
4. Fica prohibida a entrada de animais en espectáculos públicos, deportivos e culturais, así como en recintos para a práctica de deportes.
5. Fica prohibida a entrada de todo tipo de animais nos parques infantís.

- **Artigo 25: Cans guía**

1. Can guía é aquel que ten acreditado o seu adestramento en centros nacionais ou estranxeiros recoñecidos, para o acompañamento, a condución e mais o auxilio dos deficientes visuais.
2. Os cans guía poderán circular libremente nos transportes públicos e acceder a calquera tipo de local sempre que foren acompañados do seu dono e posúan as condicións hixiénico-sanitarias e de seguranza que contempla esta ordenanza.

- **Artigo 26:**

As persoas que empregaren cans para a vixilancia de parcelas, obras ou calquera outra propiedade, deberanlles procurar o alimento, aloxamento, espazo e curas axeitadas, ademais de telos debidamente censados e identificados. Así mesmo, haberán estar baixo a vixilancia e o control do dono do inmovible para que non poidan causar danos ás persoas, a outros animais ou ás cousas.

- **Artigo 27:**

1. Os que observaren a presenza dun animal morto na vía pública deberanllo comunicar ao Concello co fin de retirar adecuadamente o seu cadáver.

2. Fica absolutamente prohibido o abandono na vía pública de cadáveres de calquera especie animal.

• **Artigo 28:**

No caso de grave ou persistente incumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza por parte dos propietarios ou posuidores dos cans, a autoridade municipal poderá dispoñer o traslado dos animais a un establecemento axeitado, con cargo a aqueles, e adoptar calquera medida adicional que estimar imprescindible.

• **Artigo 29:**

Os propietarios e posuidores de animais que non desexaren continuar a telos deberanllos entregar ao Concello para a súa recollida e/ou traslado a unha sociedade protectora.

## CAPÍTULO IV

### SOBRE A PROTECCIÓN DOS ANIMAIS

• **Artigo 30:**

Fica prohibido:

1. Maltratar ou agredir fisicamente os animais, ou sometelos a calquera outra práctica que lles supuxer sufrimentos ou danos inxustificadas.
2. Abandonalos.
3. Mantelos en instalacións que non reúnan as condicións hixiénicas e sanitarias establecidas pola lexislación vixente.
4. Practicarlles mutilacións.
5. Non fornecerlles a alimentación necesaria, non soamente de subsistencia senón para levar unha vida minimamente sa e axeitada.
6. Posuír animais sen cumprir os calendarios de vacinacións e tratamentos obrigatorios.
7. Vendelos ou entregalos a laboratorios ou a clínicas sen o control da Administración ou a menores e a incapacitados sen a autorización de quen teñan súa patria potestade ou custodia.
8. Exercer a venda de animais fóra dos establecementos autorizados para esta actividade.
9. Subministrarlles medicamentos que conteñan substancias que lles puideren causar danos ou sufrimentos innecesarios.
10. O sacrificio non eutanásico dos animais de compañía.
11. Utilizar animais en espectáculos e outras actividades se isto pode producir lles sufrimento ou seren obxecto de burlas ou tratamentos indignos, ou cando o obxectivo dos devanditos actos, non regulados legalmente, for a morte do animal.
12. O uso de toda sorte de trebellos que, destinados a limitar ou impedir a mobilidade dos animais, lles produzan danos ou sufrimentos innecesarios, en especial os que lles impidan manter a cabeza na súa posición natural.
13. A tenza de animais perigosos para o home sen dispoñer de recintos apropiados e a súa circulación en espazos públicos ou en locais abertos ao público sen as debidas garantías de seguridade.

14. Calquera outra prohibición establecida pola lexislación vixente.

- **Artigo 31:**

O Concello poderá confiscar ou ordenar o illamento dos animais de compañía no caso de malos tratos ou tortura, síntomas de agresión física ou desnutrición.

- **Artigo 32:**

1. Quen infrinxiren inxustificadamente danos graves ou cometeren actos de crueldade e malos tratos contra animais de propiedade allea, domésticos ou salvaxes mantidos en catividade, serán sancionados consonte co disposto na presente Ordenanza, sen prexuízo da esixencia da responsabilidade que cumpra esixirille ao seu dono.
2. Os axentes municipais e todas as persoas que presenciaren feitos contrarios a esta ordenanza teñen o deber de denunciar os infractores.

### TÍTULO III

#### CAPÍTULO I

#### INFRACCIÓNS E SANCIÓNS DAS INFRACCIÓNS

- **Artigo 33:**

1. Para os efectos da presente ordenanza será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, das prohibicións e mais dos requisitos establecidos nela, así como o das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas.
2. A responsabilidade administrativa será esixíbel sen prexuízo da que puiden corresponder no ámbito civil ou penal.
3. No caso da celebración de espectáculos prohibidos, incorrerán en infracción administrativa non só os seus organizadores, mais tamén os donos dos locais ou dos terreos que os cederan, a título oneroso ou gratuío.

- **Artigo 35:**

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

- **Artigo 36:**

Son infraccións leves:

- a) O maltrato dos animais sempre que non lles causar dor.
- b) A venda, a doazón ou cesión de animais aos menores de catorce anos ou incapacitados, sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutelaxe ou custodia.
- c) A doazón de animais de compañía como premio.
- d) Non manter o animal en boas condicións hixiénico-sanitarias.
- e) Mantelos en instalacións inaxeitadas.
- f) Non fornecerlles a alimentación axeitada ás súas necesidades.
- g) A utilización de animais en traballos que os inmovilicen causándolles dor.

- h) Exercer a venda ambulante de animais fóra dos mercados e feiras autorizados.
- i) A carencia ou tenza incompleta do arquivo de fichas clínicas dos animais que son obxecto de tratamento obrigatorio ou vacinación.
- k) A posesión dun can non censado consonte co previsto no artigo 7.3 da Lei 1/1993.
- l) O sacrificio de animais en lugares públicos.
- m) A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.
- n) Non ter ao dispor das autoridades competentes aquela documentación que resultar obrigatoria en cada caso.
- o) Posuír nun mesmo domicilio máis de catro animais sen a correspondente autorización.
- p) O baño de animais en fontes ornamentais, tanques e similares, así como permitirles beber directamente nas fontes de auga potábel para o consumo público.
- q) O transporte de animais incumprindo os requisitos establecidos na normativa vixente.
- r) A non adopción, por parte dos propietarios de inmobles ou terreos edificábeis, das medidas oportunas co obxecto de impedir a proliferación de especies animais asilvestradas ou susceptíbeis de se transformaren en tales.
- s) O abandono de animais mortos ou a súa eliminación por métodos non autorizados.
- t) O incumprimento das normas relativas á utilización de aparellos elevadores, a permanencia en espazos públicos comúns de edificios e a entrada en establecementos públicos.
- u) A circulación de animais non cualificados como potencialmente perigosos sen a cadea ou un cordón resistente que permita o seu control, e o bozo nos casos recollidos na presente ordenanza.
- v) A non adopción polo propietario ou *tenedor* dun animal das medidas necesarias para evitar que a súa posesión, a tenza ou a circulación poidan infundir temor ou supoñer un perigo ou unha ameaza.
- w) Manter animais en terrazas, xardíns ou patios de maneira continuada sen dispoñer de aloxamento axeitado e/ou causándolles molestias evidentes aos veciños.
- x) Calquera outra actuación que vulnerar o disposto nesta ordenanza e que non estiver tipificada como infracción grave ou moi grave.

- **Artigo 37:**

Son infraccións graves as tipificadas como tales no artigo 21 da Lei 1/1993, do 13 de abril.

- **Artigo 38:**

Son infraccións moi graves as tipificadas como tales no artigo 22 da Lei 1/1993, do 13 de abril.

- **Artigo 39: Prescrición**

As infraccións leves prescribirán aos 6 meses, as graves aos doce meses e as moi graves aos dous anos.

## CAPÍTULO II

### DAS SANCIONES

- **Artigo 40: Das sancións pecuniarias**

1. As infraccións indicadas no capítulo anterior sancionaranse con multas de:
  - a) as leves, de 30,05 a 300,54 euros.
  - b) as graves, de 300,55 a 3005,44 E.
  - c) as moi graves, de 3005,45 euros a 15027,20 E.
2. A imposición das sancións previstas corresponderalle:
  - a) ao Alcalde do Concello, para as infraccións leves.
  - b) ao Director Xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias, para as infraccións graves.
  - c) ao Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, para as moi graves.
3. A incoación dos expedientes sancionadores e a súa tramitación hase adecuar ao previsto na Lei 30/1992, do 26 de decembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e mais o Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

- **Artigo 41: Gradación das sancións**

As sancións graduaranse consonte os seguintes criterios:

1. A transcendencia social ou sanitaria e o prexuízo causado pola infracción.
2. O ánimo de lucro e a contía do beneficio acadado na comisión da infracción.
3. A importancia do dano causado ao animal.
4. A reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Todos os gastos derivados da aplicación da presente ordenanza reguladora satisfaraos o propietario dos animais afectados.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

De conformidade co previsto no artigo 70 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a presente ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación no BOP e transcorrido o prazo previsto no artigo 65 do mesmo texto legal.

